


## ENQUISA

A Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos no seu empeño de constante mellora do traballo que realiza elaborou unha enquisa no pasado ano 2005 para saber en qué se debe mellorar e cales son as expectativas dos alumnos.


No cuestionario preguntábase pola frecuencia de asistencia ás Aulas, o papel que xogan as Aulas na vida dos nosos alumnos así como polas actividades máis valoradas e demandadas.

Algún dos resultados son os seguintes:


O principal valor que as Aulas aportan aos alumnos



As dúas características que mellor definen o espírito das Aulas



Os dous motivos principais de pertenza ás Aulas



Fonte: Elaboración propia. Sede Central

### SEDE CENTRAL E AULAS DE SANTIAGO

Rúa Virxe da Cerca, 31

15703 Santiago de Compostela

Tel./FAX: 981 581533

www.ategal.com • coordinacion@ategal.com

### AULAS DE A CORUÑA

Rúa Fonseca, 8

15004 A Coruña

Tel: 981 216863

### AULAS DE FERROL

Rúa Galiano, 52, 1º esq.

15402 Ferrol

Tel: 981 356202

### AULAS DE VIGO

Rúa Urzaiz, 120, 1º

36205 Vigo

Tel: 986 481600

### AULAS DE MONTERROSO

Praza de Galicia, s/n

27560 Monterroso - Lugo

Tel: 982 377522

### AULAS DE LUGO

Rúa Frai Plácido

Rei Lemos, s/n, 2º

27004 Lugo

Tel: 982 254677

### AULAS DE VILALBA

Praza da Constitución, s/n

27800 Vilalba - Lugo

Tel: 982 510305

### AULAS DE OURENSE

Rúa Progreso, 66, entr.

32003 Ourense

Tel: 988 215077

### AULAS DE PADRÓN

Campo do Souto, s/n

15900 Padrón - A Coruña

Tel: 981 811329

## PADRÓN ACOLLE O DÍA 29 DE MARZO O XIX ENCONTRO REXIONAL



Co ánimo de facer unha posta en común de experiencias vividas durante o ano, o vindeiro 29 de marzo, no Auditorio Municipal de Padrón, celebrarase o **XIX Encontro Rexional de Aulas de Terceira Idade de Galicia**. O acto estará presidido polo **Director das Aulas, Rvdo. P. Rafael Romero Valencia, S.J.**, así como polo **Director Xeral de Acción Social, Bieito Seara**.

Esta xuntanza, da que se extraen ideas moi válidas froito da experiencia vivida ao longo do ano nas diferentes Aulas de Galicia, inaugurarase coa conferencia "A formación como recurso para a mellora social das persoas maiores", que será impartida polo profesor da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, **Dr. D. Agustín Requejo**.

Como actos complementarios a esta xuntanza está prevista a actuación do grupo de teatro das Aulas de Vigo, A Raiola, así como a actuación da Coral das Aulas de Padrón e a Rondalla das Aulas da Coruña.

A xornada continuará cun xantar de confraternidade no hotel Scala de Padrón, pola tarde realizarase unha visita cultural a Padrón no tren turístico.

A organización do encontro quere agradecer ás Aulas de Padrón, ao Excmo. Concello de Padrón e en particular á súa coordinadora **Cruz Taboada**, o esforzo, o bo facer e a dedicación cara este acto.

O esforzo de profesores e alumnos das Aulas de Terceira Idade de Galicia permitirá outro ano máis celebrar o Encontro Anual das Aulas, onde se poñen en valor todas as ensinanzas e experiencias impartidas ao longo do curso

### CAIXA CATALUNYA PREMIA UN PROXECTO DA ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS

Pónse en marcha a elaboración do xogo "TRIVIGAL"

ATEGAL está a realizar no 2006, coa colaboración da **Fundació Viure i Conviure de Caixa Catalunya**, unha adaptación do famoso xogo Trivial para os maiores, feito por alumnos da propia Asociación. O xogo ten o nome galeguizado de **TRIVIGAL**. Esta idea xurdiu como unha resposta á posibilidade de interrelacionar aos máis xóvenes coas persoas de idade adulta, e aproveitar así a súa experiencia. O proxecto foi premiado por Caixa Catalunya entre centos de proxectos presentados, por entender que é un instrumento válido e novidoso para a formación permanente de adultos.

As preguntas e respostas do xogo están elaboradas polos alumnos das nove sedes das Aulas de Terceira Idade de Galicia. Unha vez elaborado, levarase aos Centros Socioculturais dos Concellos, así como aos alumnos de primaria e secundaria de varios colexios de Galicia.

# O ENTROIDO VIVIUSE CON ENTUSIASMO NAS SEDES DE ATEGAL



ALUMNAS DAS AULAS DISFRUTANDO DO ENTROIDO 2006

ALUMNOS DISFRAZADOS EN LUGO



GAÑADORES DO CONCURSO DE DISFRAZES 2006 EN SANTIAGO



UNHA DAS MÁSCARAS PREMIADAS EN SANTIAGO

## NOVAS

### AULAS DE VIGO

ALUMNOS DE VIGO EN TAICHI



O 24 de febreiro as Aulas de Vigo realizaron unha excursión ás Rías Baixas; visitaron Cambados e celebraron o entroido cunha comida no hotel "La Viota".

Do 19 ao 24 de marzo realizaron unha excursión cultural a Salamanca para coñecer a Alberca.

E por suposto, como ven sendo habitual, o coro das Aulas de Vigo participará no IX Festival de Habaneras de Galicia o vindeiro 31 de marzo.

As Aulas de Vigo organizan o XVII Festival de Homenaxe á Terceira Idade que terá lugar o 6 de abril ás 19,30 no Auditorio do Centro Cultural Caixanova.

Actuarán a Coral e o grupo de teatro das Aulas, A Raiola.

### AULAS DE SANTIAGO

O pasado 17 de xaneiro os alumnos das Aulas de Santiago visitaron a Casa dos Peixes, a Casa Museo de Emilia Pardo Bazán e a Exposición "O Impresionismo" na Fundación Pedro Barrié de la Maza.

CASA EMILIA PARDO BAZÁN NA CORUÑA



O tempo non nos acompañou pero a xornada resultou un éxito.

Puxemos en marcha dous novos obradoiros:

■ Expresión Corporal, impartido por Iolanda dentro do programa de

prácticas de Animación Sociocultural.

■ Habilidades Sociais, que está impartido por Paula, alumna de Educación Social, actividade cunha elevada demanda.

O Entroido celebrese cun xantar o 23 de febreiro no hotel "Los Abetos", cun bo cocido galego, filloas e orellas de postre. Fíxose entrega de premios aos tres mellores disfraces e tamén se lle fixo un agasallo a Iolanda, alumna en prácticas que remataba o período de formación.

VISITA Á CASA DOS PEIXES DA CORUÑA



O pasado mércores 22 de marzo celebrese en Santiago o I Debate Interxeracional co tema: "A xuventude cambiou: ¿para ben ou para mal?".

DEBATE NAS AULAS DE SANTIAGO



### AULAS DE LUGO, OURENSE E FERROL

O 22 de febreiro reuníronse en Lugo as Aulas de Lugo, Ourense e Ferrol para celebrar un Festival de Entroido. A xornada comenzo cunha visita ao Museo Provincial, á casa dos Mosaicos e ao Museo da Catedral. Houbo un xantar de confraternidade e ás 19 horas no Centro Socio-Cultural de Fingoi celebrese o Festival. Actuou o grupo de teatro das Aulas de Ourense coas obras "Casados de pouco" e "Un golpe de luz" e o grupo de teatro das Aulas de



ENCUNTRO DAS AULAS DE FERROL, OURENSE E LUGO POLO ENTROIDO 2006

CIRCULO DE ARTES DE LUGO



Lugo coa obra "A visita do Señor Inspector". No acto tamén participaron as Corais de Ourense e de Lugo. Ao festival acudiron representantes do Concello de Lugo, da Deputación Provincial de Lugo e o Director das Aulas de Terceira Idade de Galicia.

### AULAS DA CORUÑA

Solfexo, técnicas de respiración e relaxación, policromía e técnicas pictóricas, foron algúns dos novos seminarios propostos polas Aulas para este último trimestre e que tiveron moi boa aceptación entre os alumnos.

### AULAS DE FERROL

As Aulas de Ferrol acudiron a Coruña o pasado 20 de xaneiro de 2006 para visitar a exposición da Fundación Pedro Barrié de la Maza, "O Impresionismo".

As Aulas de Ferrol forman parte da rede cultural do Concello de Ferrol.

O 10 de marzo de 2006 visitaron o museo Bello Piñeiro.

### AULAS DE OURENSE

En xaneiro asistiron a un concerto da Orquestra Clásica de Finlandia en Ourense e tamén foron á Coruña para visitar a exposición da Fundación Pedro Barrié de la Maza.

O 1 de marzo actuou o grupo de teatro na sede da Cruz Roja.

O 22 de marzo de 2006 celébrase o I Encontro de Corais Entrematores,

organizado polas Aulas de Terceira Idade de Ourense, acompañando ao coro das Aulas participan o coro de Xinzo de Limia, o Coro do Fogar de 3ª Idade de Ourense, o coro Juventud de Cruz Roja e un grupo de Pandereteiras.

### AULAS DE PADRÓN

As Aulas de Padrón organizan o XIX Encontro Rexional das Aulas de 3ª Idade de Galicia.

Cada mes os alumnos das Aulas de Padrón teñen unha excursión ao Balneario Termas de Cuntis e pódense beneficiar dos seus servizos.

A Coral das Aulas de Padrón vai recibir unha homenaxe de honra e louvanza 2006 organizada pola Irmandade dos Fillos e Amigos de Padrón, declarada de interese galego. Recibirán a placa da Irmandade o vindeiro 23 de abril de 2006.

### AULAS DE MONTERROSO

Os alumnos das Aulas de Monterroso están interesados na internet e volveron a participar na campaña TODOS.ES, do Ministerio do Interior.

Neste trimestre realizouse un obradoiro sobre "Medio Ambiente: Reutilización e Reciclaxe" e continuouse co ciclo de conferencias:

■ Vacinación e alimentación na 3ª Idade

■ Prevención de Riscos Cardiovasculares

■ Dotación e transplantes de órganos

■ Prevención de Riscos no fogar

■ Nutrición e Saúde

### AULAS DE VILALBA

Incorporouse unha nova compañeira, **Eva González**, para darlle un novo pulo ás Aulas en Vilalba.

Comezou en xaneiro unha nova actividade, manualidades que xa ten preto de 30 matriculados.